

**A DÉCIMO XUÑO BRUTO "O GALAICO", CHAMADO ASÍ POR SER O PRIMEIRO ROMANO EN CHEGAR A ESTAS TERRAS, DÉUSELLE UNHA TARDE, XA NO SOLPOR, POR IR Á PRAIA, E VIU COMO O SOL DESAPARECÍA NO MAR. ISTO PARA UN ROMANO QUE NAQUEL TEMPO IMAVINABA QUE O HORIZONTE ERA COMA O FIN DO MUNDO... FOI UNHA "SORPRESORUM TERRORIFICORUM. ARREPIADO DE MEDO, MANDOU FORMAR ÁS TROPAS E RETIROUSE CO RABO ENTRE AS PERNAS".**



**SABERÍAS DICIR EN QUE PUNTO DE GALICIA ESTARÍA DÉCIMO, PARA PENSAR DESTE XEITO?**

Décimo Xuño Bruto foi o Procónsul que decidiu facer unha expedición ás terras situadas ao Noroeste de Hispania. Ó chegar a Xinzo de Limia ( Ourense), as súas lexións non querían atravesar o río, (daquela non había pontes) pois crían que era o río Letes. Segundo a mitoloxía romana éste tiña a facultade de borrar a memoria de quen o cruzase. Bruto arremangou os calzóns, e dende a outra beira foi chamando un a un aos seus soldados. Saberías dicir como se chama o río que puido deter a invasión romana?

